

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE PARADA DE SIL PARA A REMODELACIÓN DA OFICINA DE TURISMO DE PARADA DE SIL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Concello de Parada de Sil o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Parada de Sil para a remodelación da oficina de turismo de Parada de Sil.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



Segundo.- Que o Concello de Parada de Sil é consciente de que o seu Patrimonio é o seu máis grande ben, entendendo Patrimonio no seu senso máis amplo, é dicir, o conxunto de bens dunha comunidade, incluíndo nese conxunto tanto os bens herdados como os de nova adquisición, tanto os naturais como os culturais. Partindo desta base o Concello da Merca está levando a cabo, dende fai anos, unha serie de iniciativas cun obxectivo común: por en valor, é dicir, rendibilizar o seu Patrimonio para dalo a coñecer, conservalo e para a promoción turística.

Terceiro.- Que o Concello de Parada de Sil mantén dende o ano 2007 unha traxectoria de posta en valor do patrimonio histórico, cultural e paisaxístico, e que como resultado dese traballo creáronse unha sinerxías importantes que tiveron como consecuencia positiva a creación de establecementos turísticos, tanto aloxamentos como restaurantes. Este concello é o único da provincia de Ourense que está na Rede de Destinos Turísticos Intelixentes. Ademais dispón do distintivo Q de calidade turística.

O concello leva tres anos cun autobús lanzadeira para que os visitantes que nos meses de tempada alta e en Semana Santa se achegan ó Mosteiro de Santa Cristina non baixen nos seus vehículos, contribuíndo así a diminución da contaminación e a sostibilidade turística.

O concello pretende reformar o actual local do Arquivo, situado na planta baixa da Casa Consistorial, para instalar nel unha oficina de turismo, xa que dada a crecente afluencia de visitantes á zona, situada no corazón da Ribeira Sacra, considérase necesaria esta actuación para dar un bo servizo de atención e información.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Parada de Sil unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

